

ENCANTOS, DEMOS E CUCOS. FOLKLORE E CULTURA POPULAR NA TRADICIÓN ORAL DE BECHE, A PONTENOVA

Miguel A. Abreira Pérez

RESUMO

Preséntase o folklore de tradición oral recolleito no lugar de Beche (A Pontenova, Lugo), artellado segundo contidos e criterios etnográficos en cinco eidos: seres míticos e crencias sobre o medio; ánimas; demos, meiguerías e oracións; condutas culturais e transmisión de valores; e contos de rir, significándose esta oralidade como base importante para unha aproximación interpretativa á cultura popular tradicional local.

RESUMEN

Se presenta el folklore de tradición oral recogido en el lugar de Beche (A Pontenova, Lugo), articulado en base a contenidos y criterios etnográficos en cinco apartados: seres míticos y creencias sobre el medio; ánimas; demonios, brujerías y oraciones; conductas culturales y transmisión de valores; y chistes, significándose esta oralidad como base importante para una aproximación interpretativa a la cultura popular tradicional local.

Beche é o nome dunha pequena aldea situada na parroquia de Xudán, practicamente no límite dos concellos de A Pontenova (ó que pertence) e Riotorto, na parte máis meridional da comarca da Mariña, na provincia de Lugo. Caracterízase a zona polo seu relevo fortemente abrupto e de pendentes moi acusadas, ó estar situado nun revirado val, polo fondo do cal discurre o río Mourín, preto da súa desembocadura no Eo, e no que se suceden varios espolóns. Nun deles, sitúanse as casas que conforman a aldea. Os fogares habitados redúcense hoxe a cinco, dos cales dous xa teñen estado temporalmente baleiros. A adicación das súas xentes foi sempre a do traballo da terra, complementado co desempeño dun oficio, por parte dos homes, que permitise abri-lo cerco imposto por unha pechada economía de autosubsistencia. A media de idade actual anuncia unha despoboación inminente nun relativamente breve prazo de tempo, co cal non só quedarán


abandoadas e perdidas as casas, senón tamén as terras que as acompañan, os leiros e montes, os nomes de lugar (cunha toponimia tremendamente rica), os coñecementos adquiridos durante anos e xeracións, e dende logo boa parte da historia, as tradicións, as crenzas e os costumes propios do lugar.

O obxecto deste pequeno estudio non é outro que axudar a previr e mitigar esta perentoria perda cun achegamento á cultura popular tradicional da aldea sinalada, a traveso do folklore de tradición oral recolleito no encontro directo coas súas xentes. Cada lenda, cada conto, cada refrán ou dito popular, permite vislumbrar costumes, crenzas, tradicións e patróns de comportamento nas xentes que o foron transmitindo, e comprender ademáis a función que aqueles desempeñaban, nun medio e xeito de vida de marcado carácter rural no que as bases culturais máis sólidas asentábanse sobre valores tradicionais de forte e fonda raigame, ben distintos por certo ós que nos veñen dados pola cultura mediática da actualidade.

No ano 1998, a Deputación Provincial de Lugo publicou o libro *Polavila na Pontenova*, no que os seus autores souberon recoller e clasificar unha inxente cantidade de relatos de tradición oral do mencionado concello. Entre os informantes non había ningún da aldea de Beche. Se cadra por esa mesma razón, ningún dos relatos, cántigas, ou contos por min recolleitos figuran no libro sinalado, polo cal o presente artigo poderá representar un pequeno complemento a aquela destacada laboura. Para o caso, e dado o carácter etnográfico do traballo desenvolvido, optei por clasificar a información dende unha perspectiva máis antropolóxica que literaria, obviando con elo as variantes retóricas baixo as cales o folklore aparecía acochado. O obxecto non era outro que o de centrar-la nosa atención no contido, e non na forma, aínda que loxicamente recoñezamos o valor intrínseco da mesma.

A información foi recolleita, fundamentalmente, a partires de numerosas conversas entre o autor e dúas informantes naturais do lugar de Beche, Remedios Lorido García e Flora García Rodríguez, de 75 e 76 anos de idade respectivamente. O feito de que tan só un par de informantes arrobasen tan considerable volume de información, permite pensar na tremenda riqueza do folklore popular local, así como na importancia da súa transmisión e consecuentemente memorización, cáseque obrigada para unhas xentes que tiñan nel os valores culturais sobre os que asenta-lo seu modo de vida. En ocasións, as informantes non lembraban máis que frases ailladas, sen o seu contexto, cántigas sen o comezo ou contos sen final... Perseverando nelo, lograban ir tirando máis do fío das frases ata completa-lo relato, se ben puidemos constatar unha tremenda perda do folklore de tradición oral co que estas xentes medraron. Esta perda non se refire só ó esquecemento no que vén caendo a cultura popular de tradición oral. Non falamos só dunha perda física, senón dalgo máis importante, que é a perda do simbolismo, do valor contido en cada conto, a perda dunha cultura. Moitos dos relatos remataban co rexeitamento da propia informante, que renega agora dos valores e das crenzas coas que medrou. Asistimos logo a unha aculturación que é moito máis cá eso, que supera a confrontación de dúas culturas, para erixirse en aniquilación da unha pola outra. Os cambios socioeconómicos dos últimos anos provocaron o cambio, pero o verdadeiro instrumento para a consolidación do mesmo veu representado polos medios de comunicación, fundamentalmente a televisión, pola que se universalizaron e remataron por levarlos valores propios das vilas e cidades ó medio rural, presentándoos ademáis como os úni-

cos verdadeiros e universalmente válidos. Asistimos así á transformación da xente das aldeas en *urbanitas*, e o evidente resultado non é outro que a perda da cultura tradicional, considerada agora como algo antigo, rústico e obra de vellos de ante, inocentes e inxenuos. Cando logremos evitar esta aniquilación e académo-la integración da nosa cultura tradicional na cultura actual imperante, poderemos apuntarnos se cadra un triunfo. Namentres, falemos de encantos, demos e cucos.



Casas no lugar de Beche, na parroquia de Xudán. A máis cercana pertence xa á da Órrea.


SERES MÍTICOS E CRENZAS SOBRE O MEDIO

Aí nas Coroas tamén había... Eran os moros... Aí, ¿non sabes?, aí parece que houbera como unha especie de minas ou unha cousa desa... E entonces decían que tuveran os moros por debaixo e que había ouro... Ai non, que cando fizeron a carretera para Eirixúa encontraron cousas... pro non encontraron nada, ¿non sabes?... objetos se cadra de, de vivir alí alguén, ou de un cacho de ferro de calquera cousa, pero despois objetos de valor, non... Eso aí, sí, chamábanlle as Coroas, porque decían que tuveran aí eses...

As Coroas de Eirixúa fan referencia a un pequeno promontorio situado a media ladeira nun val situado na parroquia de Xudán, na Pontenova. Anos antes da repoboación de pino e *cálitro* que o agachan actualmente, o lugar destacaba especialmente pola súa fisionomía, baixo a cal calquera labrego (ou non) podía distinguir o efecto derivado dunha forte e acusada acción antrópica nalgún momento non lembrado do pasado. Teño oído falar de moros acampados, ouro, camiños soterrados e incluso dicir que *cando o da carretera daba cousa mirar para aqueles muros tan ben feitiños e redondiños*.

O labrego válese da paisaxe que o rodea para sobrevivir. Polo tanto, é primordial para él coñecer o medio que o rodea e no que trata de desenvolverse, séndolle preciso posibilita-lo salto do coñecemento ó recoñecemento do que ten ó seu arredor. Cando o campesino visiona a paisaxe, trata de identifica-lo que ve, distinguindo entre natureza e cultura, entre curuto e mámoa, entre erosión e gravado, entre outeiro e castro. Cando non o logra, recorre ó seu universo mental para tratar de situa-lo que ve, momento no que entra en acción a explicación mítica da paisaxe, dando lugar así a un terceiro elemento, os mouros (e mouras), tremendamente abondosos no folklore galego, pero tamén no de outros moitos países e culturas, ás veces mesmo cun nome e aparencia física parcialmente diferente (algo que tamén podemos atopar dentro da propia cultura popular galega), pero cunhas características e atributos considerablemente semellantes que permiten relacionalos, caso por exemplo das denominadas *lamias* vascas, que se adoitan representar peiteándose, como as nosas mouras, nas proximidades de ermitas, pontes, fontes, manantiais ou covas, e mesmo proximidades de xacementos arqueolóxicos prehistóricos (Arregi, 1998:141). Estes seres míticos foron centrando o interese, se cadra pola súa significativa abondosidade e riqueza, dun bo número de investigadores durante anos. Pero non son os únicos.

No lugar no que se desenvolveu o traballo etnográfico, logramos recoller varias referencias ós denominados encantos, que as informantes nunca viron ou atoparon de xeito directo, pero que así e todo lembran con nitidez e saben situar na paisaxe que as rodea. Hai pouco puiden aventurarme entre as silveiras ata dar co lugar exacto no que se situaba un destes encantos, se ben a enorme pena na que o ser *vivía* atópase na actualidade totalmente cuberta e oculta pola vexetación.



Lugar de A Pena da Auga, situado embaixo das casas de Beche e no rego homónimo.
Nunha enorme pena hoxe cuberta pola vexetación, había un encanto.

Estes lugares gardan unha serie de características básicas comúns, que albíscanse de xeito rápido. Primeiramente, non son puntos de paso habituais para as xentes da aldea, senón que ocupan un lugar marxinal no tránsito diario, fundamentalmente pola súa complexa accesibilidade (que vén dada polas dificultades impostas polas fortes pendentes que impón o relevo da zona). Sitúanse preto das casas da aldea, pero lonxe do seu abano visual. E ademáis, son puntos polos cales só se pasaba (xa non) para dirixirse a algún lugar en concreto, antigamente un muíño fariñeiro de propiedade particular (o muíño do Xan Antonio), ou unha moa de afiar ferramentas de corte, ou ata unha lonxana parcela de trigo no monte. Tal e como se pode deducir do anterior, son lugares destacanse pola súa vinculación a unha corrente de auga regular, neste caso o Rego de Beche, e finalmente pola sinalable visibilidade dunha gran pedra, que pode chamar a atención xa polo seu enorme tamaño, ou xa pola súa cor (seixo).

A diferenza do que sucedía no relato dos mouros acampados nas Coroas, neste caso non existe unha vinculación patente e obvia entre encanto e elementos arqueolóxicos, aínda que elo non quer dicir que non foran recoñecidos como fitos importantes na paisaxe local (como seguen a selo) e non gozaran dun especial simbolismo e relevancia cultural para xeracións pretéritas, podendo ser as crenzas e relatos de tradición oral mantidas ata a hoxe a súa impronta máis evidente. Neste senso é preciso apuntar que se ben a denominación non é idéntica, e tampouco existe unha relación obvia e clara dos encantos con restos visibles de culturas pasadas, nos relatos recolleitos as informantes atribúenlle a estes seres algúns rasgos propios dos mouros, como a súa relación coas pedras (no máis estricto senso da palabra), a posesión de xoias e obxectos valiosos, e a súa condición de gardas protectores dos mesmos, a cambio dunha liberdade permanentemente constreñida. Noutros traballos téñense ben expostos e argumentados os valores que os labregos atribuen ós mouros e que os diferencian diametralmente, cáseque por oposición, dos humanos (Llinares, 1990:16).

Eso decían, que aí, que debaixo da Pena da Auga había un encanto... pero nunca soupen que viran cousas malas... Falaba dentro da pena, eso era o que dicían... E salía a poñer roupa ó sol, serían os trapiños del... e tamén tiñan joias, e que salía a asollarse él tamén, pero se vía á xente...

Se cruzába-lo rego, xa non te collía... Ahora parece que me sona de oír un, que lle collera roupa, e que tuvo suerte, que levaba un caballo, e galopeou no caballo para pasar o rego. Que lle tirou pola cola ó caballo e arrancoulle a cola do caballo... Era verdá... Porque o encanto non pode meterse na iauga, nin pasar auga... Un encanto que hai así, eso non pode tar en sitio húmedo ningún...

É como aí nos Infurcos, arriba, arriba de Beche. Unhas penas, hai unha franxa de penas desde arriba do picato embaixo a... pero eu aí tampouco vin nada... tamén dicían que aí que había outro encanto, eu non sei que oían ou a que se referían pra decir que había un encanto.


Ó encanto se non lle collías nada, non che facía nada, pero se tiña cousas fóra e llas collías, tiñas que pasar un rego antes de que te collese... Polo dia porque eles serán como nosoutros, terán a súa misión, estaban alí encantados.

Chama a atención nos relatos o uso do xénero masculino para referirse ó encanto, coma se se tratase dun equivalente ó home, aínda que con valores e costumes característicos e definidores de femineidade. Igualmente, non parece haber moito acordo en torno a definición dos lugares nos que se atopan estes seres, xa que afirmase que fuxen da humidada, mestres as penas nas que “moran” poden chegar a denominarse “Pena da auga”, como é o caso.

O descoñecemento que dá orixe á creación destes e outro seres míticos para posibilitar unha explicación coherente e razoada (dentro dos patróns de pensamento propios da cultura popular) da paisaxe e o medio no que se insire o labrego, queda patente no perigo que os primeiros representan para este último, na perigosa invitación que representan para apropiarse do que o campesino non sempre podería conseguir por outros medios, do risco que supón transgredi-lo código creado (pasar a ser un deles, un non-cristián, un nonlabrego, un encantado) e mesmo andar preto do descoñecido, e por suposto do que non é cristián. A oposición entre ser mítico e ser cristián acada un importante grao de expresividade no seguinte fragmento do relato oral, no que ambos se aproximan ata amosar unha curiosa mestura de crenzas, o encontro da cultura popular coa cultura imposta dende os púlpitos.

Porque decían antigamente, mira que decían... cando se levanta o cáliz e a hostia, no medio do cáliz e da hostia, se mirabas pra atrás, que che pasaba eso, de quedar encantado. E o mal ollo tamén, que mirando pra atrás podías coller mal ollo.

Deste xeito, coa ameaza do descoñecido, como en tantas outras ocasións poderemos comprobar (viñese ésta da propia Igrexa ou do mesmo campesiñado), o pastor pretendía manter a atención do rebaño. Por outra parte, o perigo non vén en calquera momento da misa, senón que vén representado no momento álxido, no instante da trasmutación sagrada, buscándose o castigo no propio universo mental do labrego.



Vista do lugar de Xudán (A Pontenova), coas *Penas de Galicia* na ladeira do fondo.

Outras formacións naturais locais teñen chamado poderosamente a atención, se cadra de maneira máis eficiente e duradeira, e dende logo menos perversa, dos habitantes de Beche e outros lugares da parroquia de Xudán, caso das denominadas *Penas de Galicia*, unha formación rocosa que aflora en diversos puntos da comarca, coma se seguise un trazado lineal en dirección norte-sur.

¿E tú non ves que son as Penas de Galicia? Aquí van ocultas, pro... As Penas de Galicia, vense aí (dende Beche), e en Xudán, en Santalla, e en Liñeirás (para aló de Vilameá) e tamén en Rececende... Din que recorren toda Galicia...

Aínda que as informantes que me proporcionaron as liñas anteriores nada sabían ó respecto, puideron oír a outras xentes da parroquia de Xudán, como no lugar de Vilaxe, falar da existencia dun cordeiro, unha cruz, e un cáliz *dibuxados* nalgún lugar desas mesmas penas, se ben non sabían describilas nin situálas con exactitude e tampouco as viran nunca.

Pero o universo da mitoloxía popular, abrangue moito máis que a paisaxe descoñecida e os lugares con encanto (no seu dobre sentido), de xeito que os seres míticos non sempre veñen dados por lugares dun especial simbolismo e personaxes de natureza pouco coñecida. Antón Fraguas ten recolleito nalgunha das súas obras informacións de carácter diverso en torno ás crenzas populares acerca de animais, adicando unhas breves verbas ó cuco (Fraguas, 1999:95). En diversas aldeas de Meira, Riotorto e A Pontenova, o cuco, e máis en concreto o seu canto, atesoura unha grande parte da responsabilidade (ou deberíamos dicir se cadra culpabilidade) nos sucesos desgraciados das xentes, enriquecendo deste xeito as tradicionais supersticións populares.

Ai había quen quería mellor que lle morrera unha vaca, que que o capase o cuco. Porque ó Louro de Beche morréránlle dous fillos seguidos... e cada ano, capouno o cuco dous anos seguidos e a cada ano morreulle seu fillo. E sí, tiña sempre esa idea... porque os vellos de antes, sí que había muchísimo... Eu, capoume unha vez que iba pro Preceuto, debaixo da Roxiña e nada conocín... i outros anos que non me capou, se cadra pasei por ben delas... Pero era como, como o asunto de salir os mortos e do resto, ¿non sabes?... Era unha tradición que tiñan os vellos dante.

Era pola mañá cedo, pola maña cedo, porque na primavera o cuco sal entre marzo e abril, xa di o refrán, “entre marzo e abril sal o cuco do cubil”. Exactamente. E bueno, e entonces salía o cuco pola mañá cedo, i a xente tiña... Non ves que cando andábamos cosendo, (había quen) levaba pro pé da cama auga para bebéremos, ante de nos erguer, xa para que non nos capase... e a auga dicen que non, que non vale... Xa cho dice o cura, cando te confesa. E eso é a primeira vez que o ós... Despois pódolo oír todos os días, pero a primeira vez, e que te colla en aiunas... E entonces, oíche o cuco, e Virgen Santísima... (Hai que) tomar algo antes, ai non, desque o tes oído xa nada, ten que ser antes... Mira o afán que había antes, levantarse os vellos pola mañá, maiormente, cos pícaros, cunha codiña de pan ou calquera farrapallada para meteren na boca... “Se o cuco non sale, do primeiro do marzo ó vinte de abril, ou o cuco é morto, ou a fin quer vir” ... Eu no, eu capoume no Preceuto e dixen eu, bueno pois que sea o que dios mande...

A primeira frase é abondo significativa, máis aínda nunha cultura na que a vaca tiña cáseque tanta importancia como un fillo ou a propia casa. Para comprendermos ben esta afirmación, baste pensar que estamos ante o que era unha agricultura de autosubsistencia, de base, sen outros recursos que os procedentes da colleita de leiros alleos (en usufructo e polo que pagaban unha importante porcentaxe da colleita anual independentemente de que fose ésta abondosa ou pobre) e os animais da casa. Dentro destes, a vaca, é ben sabido, sempre foi un animal dunha especial simboloxía por todo o que representaba: leite e derivados, carne e coiro (se é que había a remota posibilidade de sacrificar un xato para a casa), animal de tiro e transporte (ben xugada nun arado e nun carro, respectivamente), fonte de abono e fertilizantes naturais, calefacción para a vivenda e animal de compañía. Neste senso, aínda hai escasos anos puiden ver nunha aldea do concello de Meira (e non era un caso aillado, dende logo) á xente dunha casa e ás vacas da mesma comendo fronte a fronte, compartindo practicamente un mesmo espacio. Evidentemente, e voltemos con elo ó relato, cabe a posibilidade de que a informante esaxerase e non pretendese realmente que o etnógrafo interpretase as súas verbas literalmente. Aínda sendo así, o exemplo por ela posto de seguido, remata por equipara-la morte dunha vaca coa morte dun fillo, neste caso dous, por culpa do cuco, polo que realmente preténdese resalta-la gravidade do asunto.

Tiven ocasión de vivir esta superstición hai un par de anos, cando pasando un fin de semana en Beche fun obrigado a inxerir unha galleta, sen ter espertado aínda, porque a miña propia avoa escoitara ó cuco tras da casa. Deste xeito pretendía que o canto non chegase a ser percibido por min sen antes ter comido algo. Ante a perplexidade do que esto asina, logrouno. Do contrario, por sé-la primeira vez que o oía no ano, quedaría *capado* polo cuco, e a mala sorte perseguiríame en forma de morte ou calquera outra desgracia equiparable. Nótese sen embargo, que no relato voltan a misturarse unha vez máis as crenzas da cultura popular coa tradición cristiana. Antes de recibi-lo sacramento da eucaristía, o cura esixe aiuno, que é algo compatible coa inxesta de auga, pero non coa de alimentos. Isto é trasladado aquí integramente á tradición popular, de modo que o acto de beber un vaso de auga, remedio aplicado nalgures, deixa de ser válido para previla tan temida capa do cuco. Por outro lado, dado que o cuco viría sempre, cada ano, polas mesmas datas (ou a fin do mundo faríao antes, tal e como advirte o dito), non había outra alternativa que tentar adiantarse ó mesmo, tendo sempre algo para comer a man no arduo e determinante momento de espertar cada mañá. De non logralo, só quedaba encomendarse a Deus. Outra vez, paganismo e cristiandade superpostos.

ÁNIMAS: MORTOS POLA CARRIEIRA

Iría da polavila, por un camín... carreteras non había... Andaban as ánimas polos camiños, dicían, e levaban campaiñas, ¿non sabes?... E un home oiunas, claro, xa sabían que andaban as ánimas de noite... andaban muito polos camiños as ánimas... era mui raro que salía a xente e non se encontrase as ánimas... E dixo él, pois voume meter neste cachopo... E foron pasando, pasando, pasando,... muchísima xente... vestidos todos de negro, ca cara tapada e todo, sólo tiñan o sitio pros ollos, pra ver, e o sitio da boca, cunhas cousas negras... e pasaban, e pasaban, e pasaban... todos iguais, e a roupa toda arrastrada, negra... hasta que pasou, iba pasar o último... pero o último púxose diante del, e díxolle:

-Pasa tú que non pasache... Pasa tú que non pasache...

E o outro taría aaii (tremendo).

-Pasa tú que non pasache... Ben deitache que es meu fillo que senón...

A meirande parte dos relatos de tradición oral que mantén a memoria dos vellos, está condeada a perderse nun breve prazo de tempo. Sen embargo, no caso dos relatos deste tipo, foi desesperante comprobar que o proceso de perda non só xa está en marcha, senón que ademais xa acadou fases avanzadas de desvalorización. Cada relato de ánimas era rematado cunha aseveración en torno á inxenuidade dos vellos de antes, que (din elas) criano todo, e que deixábanse meter medo polos curas. Nalgúns casos, unha das informantes chegábase a enfadar ó ir descubriendo e lembrando, segundo avanzaba nalgún relato, que as cousas podían ter outra explicación menos siniestra da que neles se ofrecía, e daba en tildar ás xeracións pasadas de *burros*. Deixando de lado a posibilidade (remota pero existente) de que a informante quixese amosarse como unha *urbanita* con valores máis modernos e televisivos que os amosados polos contos, debo resaltar que nalgúns momentos, pese ás continuas negacións, xurdían relatos e recordos de situacións vividas polas propias informantes hai escasos anos, nos que a percepción dun son ou unha luz extraña levábaas de inmediato ás crenzas populares entre as que medraron e viviron, a pensar en ánimas ou mortos penando, e a pasar moito medo, dúbidas e angustia con elo ata o amencer seguinte. Todo isto lévanos a determinar un momento de transición previo á perda total da cultura tradicional galega. Non chegou aínda, afortunadamente, a súa perda física (se ben vén albiscándose dende hai anos e imos hacia elo a pasos axigantados), pero sí é patente xa a perda de valores e o vacío de contidos, constatable dende o mesmo momento en que tales valores, a traveso dos contos e demáis formas propias da tradición oral, deixaron de transmitirse á xeración seguinte.

O relato co que demos en abrir este apartado amosa varias cousas en torno ás animas. Os mortos saen polas noites, son unha ameaza da que hai que agacharse se é posible, e entre eles poden estar os nosos, chegando incluso a protexernos. Con todo, a maior parte dos relatos recolleitos remata adquirindo unha perspectiva de carácter negativo, transmitindo deste xeito certo temor e inqueda e axudando, de maneira determinante, a afianzar o respecto ós mortos. Éstes actúan sempre cun fin determinado, que pode sé-lo de lembrar certas obrigas ós vivos para cos seus mortos, obter un perdón, solicitar algún favor para poder deixar de penar, ou mesmo dar un escarmento que non puideron dar en vida. En ocasións, o mero feito da visión ou trato coas ánimas implica drásticas consecuencias.

Jesús da Chinta, desde morrera a Chinta Vella, tódalas noites oía rasgar periódicos enriba da cama, e él sentía rasgar, ras, ras, ras... E Inés non sentía... E despois ultimamente aparecíanlle tres graos na taolla do hórro. Collía os graos e dáballos ás pitas, pero á outra mañá taban os graos na taolla do hórro. Eu teño oído de que despois daban por petarlle na ventá. E díxollo ó cura, e díxolle o cura:

-Dá tres misas e olvídate de todo

Deu as misas, e entonces non volveu a aparecer máis nada.

E non te acordas dos de Escaleira... que eso foi verdá... Desde que morrera Xan do Val, e tiveron ese lío de queimarlle o palleiro e deso, des-

pois tódalas noites víñanlles petar ó faio. E despois Eustasio, colleu muito medo, e díxolle berrando:

-¡Oi Xan, vaite que che perdono! ¡Vaite que che perdono!

E non volveu

Cando eu taba cosendo, ben sabes que non facían senón contar contos de mortos, e eu como viña a durmir a Praducelo, pois íbamos pra casa de Domingo, era máis grande e era eso... e como taban todos eses, íbamos para alí. E contáronnos un conto. Unha vez, desde que se casou, chamaron á porta ás tantas da mañá. I él pensou que era a muller que tivera ante, non sei de donde era a muller... Pero claro taba Carme (a súa muller no momento) na casa, taba Carme na cama e non quería que se enterase, e calou a boca e deitouse. Ó día seguinte igual, á noite seguinte, á mesma hora, á mesma hora todo, era a mesma hora. Chamando á porta. Tres berros. Ai José. Ai José. Ai José. E desde que foi ben tres noites, saliulle así e todo él, á porta, e díxolle:

-manda á muller con calquera disculpa durmir ó Porto das Rozas, e tú baixa á igrexa a tal hora e reza tres oraciós por min, que tesme que axudar que tou penando. Hase ver coma se fose día.

E ó día seguinte, efectivamente, díxolle él:

-Tú vai durmir ó Porto das Rozas que teño un viaxe de noite.

I efectivamente, saliu a aquela hora e chegou á cima da Chousa e víase todo de día, e a porta da igrexa aberta. Baixou, e cando chegou á porta da igrexa, un ruído... un ruído... eso era o que decían antes que eran as ánimas... Bueno, e volveu pra casa, pero enfermou e morreu.

Nosa abuela enfadábbase se lle decíamos que non fora verdá. Nosa abuela, desque se casou, veu pró Regocorto, que ela criouse en Xudán. Foi pro Regocorto casada, e entonces tiñan un negocio de andar, chamábanlle unha tienda, de andar cunha tienda polas portas, e ela iba a Mondoñedo tódalas semanas. Tiña unha égoa, e iba a Mondoñedo buscar o género, e despois pola semana... a pobre para ter unha peseta. E traía roscas pras vodas, pan de Mondoñedo, chamáballe ela así. E bueno, finóuseche no Fleire un novo, unha rapaza nova, que chamaron Estrella de Dieguín, i ela tuvo alí cando a vestiron. E despois, viña de noite de Mondoñedo. E na Fonte da Fraga sentiu medo, e dixo, hei chamar na casa de Escaleira, que me vaian levar acolá... Pero non chamou en ningunha, e según saliu do... pasou por diante da fonte (de Beche), (e dicía) que salira do caño da fonte (a tal difunta) e de par dela todo o camín, pola dereita dela e a égoa. E aí na Volta da Vedra, que lle chamaban a Volta da Vedra, onde colle pro Regocorto e pro Fleire, e alí, dixo, pasou polo medio de min e da égoa, e ela polo camín do Fleire e eu pro Regocorto. E chegou ó Recocorto e dixo, tede cuidado cunha rosca que vén aí no medio da carga... e xa non soupo máis... botaba sangue callada pola boca... e tuvo mui mal... xa traía mala sangre. Pero, nunca máis quixo pasar pola fonte de Beche.

Algúns dos relatos, como o anterior, son transmitidos cunha meirande carga de credibilidade ó coñecer a informante á persoa protagonista do mesmo, e saber do seu

carácter *pouco embustero*. Non obstante, non tardan en buscarse outras explicacións (como ter vestido ó morto, ou vir enfermo) para os temores e medos descritos, inseríndose algunhas delas no mesmo relato. Noutros pervive aínda a búsqueda dunha maior verosimilitude e descríbense os lugares de paso das ánimas, que tiñan os seus propios camiños, polos que os demais procuraban non pasar, cando menos de noite.

Antes tiñan moito medo ós mortos, e non iban de noite por onde foran os difuntos... polo camín dos mortos, chamábanlle o camín dos difuntos... Iba pola Louseira abaixo salir ás Fontelas, pola Fonte de Lucas, por onda as Penas de Galicia para abaixo, e iba a salir acolá a Xudán. E como había tanto medo ós mortos, ese camín non andaba naide de boa gana por él de noite.

Ante de habela carretera, dicían que pasaban as ánimas por aí... eso. Porque eso era un camín, un camín vecinal, non había carretera ningunha. Exactamente. E entonces claro, pois iban a pé, e aí nese, chamábanlle o Liñeiro de Veiga, que había un home, tirado sangrando, que o colleran as ánimas... Exactamente, que o colleran, e o levaran e, eso, que o rasbuñaran de todo e que alí que non puideran máis, e que o deixaran quedar.

DEMOS, MEIGUERÍAS E ORACIÓNS

A figura do demo aparece en múltiples ocasións no folklore popular. Son abondosos na zona os contos nos que se presenta a un labrego (ou amo) en apuros ante un xuízo inminente, e do que ten poucas probabilidades de saír co corpo ou o bolso ilesos. En boa parte destes relatos, o demo aparece e axuda a saír do apuro coa súa peculiar intelixencia. Precisamente, a intelixencia da que se lle dota no conto destaca polo alto grao de picaresca que conleva, polo cal en non poucas ocasións tense substituído a súa figura pola dun labrego avisgado (ou non tanto), como teremos ocasión de comprobar noutro apartado do folklore local. Estes relatos transmitían ás veces unha importante carga de valores culturais ós pícaros que os escoitaban, tratando así de educalos para a forma de vida propia da (agri)cultura tradicional, é dicir, a vida que levaran seus pais e avós e que en teoría haberían de levar eles tamén, baseada nas ideas de pobreza, traballo e certa dose de agudeza (por non dicir retranca).

Este era un mui pobre, e aparecéuselle o demo. E roubara unha ducia de ovos, para comer que tiña fame, e tiña que ir a un xuicio. E díxolle o demo:

-Pois tú tranquilo. Hei de ir eu, de defensor... Pero tes que levar, tes que levar un fardelado de fabas cocidas.

E efectivamente, veu o día do xuicio, e o demo taba de defensor, ¿non sabes? E empezaron:

-Pois... tantos ovos, unha ducia de ovos... podían salir unha ducia de pitos... os pitos podían ser seis galos e seis pitas... as pitas en tantos anos, pois producían tanto...

Unha barbaridá de cartos...

(E o demo acercouse ó xuíz) e díxolle:

-Os ovos daban produto, eso xa se ve... pero tome este fardelado de fabas. -Díxolle o demo, era un fardelado grande-.

E díxolle:

-Fabas cocidas... ¿E que produto me van dar a min as fabas cocidas?

-¿E os ovos comidos?

Era unha criada de servir. Taba servindo como, a unhos señores. E, nantes non había auga nas casas, E iba con un cántaro, chea de arrear auga, á noite taba rendida... I ela taba arreventada traendo auga. E dixo:

-Daría a alma ó demo, por que salira unha fonte aquí ó pé da casa.

E un día presentóuselle o demo, e díxolle:

-¿E tú, estás dacuerdo co de vender tua ialma ó demo, pra que salira unha fonte ó pé da casa?

E dixo:

-Tou... Tou. -mui enfadada... taba arreventada-.

-¿De verdá? ¿E xúralo?

-Sí

-Bueno pois aí ha salir unha fonte, pero a alma é miña.

Saliu a fonte, e ela mui contenta porque salira a fonte... Pero vendéralle a alma ó demo, i eso era muito peor que arrear cántaros de auga. E alguén se lle presentou:

-¿E por que tas triste?

-Porque esta fonte saliu porque, vendínlle a alma ó demo porque taba cansada de arrear muita auga, i agora eu teño a iauga, pero vendínlle, a miña alma é do demo.

E dixo:

-Pois, a ver se che volve salir. Que che volva salir, e dille que o pacto que sigue, siempre que veña antes de cantar o galo.

-¿I o galo a que hora cantará?

-O galo canta de día.

Dixo, para que o demo non viñese antes de día, i efectivamente cantou o galo ante de que chegase o demo.

Aínda que son moitas as variantes e denominacións baixo as cales podería ter figurado o demo no folklore popular, non tivemos oportunidade de rexistrar ningún relato no que se dese paso a diaños, demachiños ou trasnos, excepto a lembranza dun caso aillado, no que o trasno xa é concebido como un ser dun carácter máis familiar e menos perigoso, menos perverso e máis amigo das bultras inofensivas ou *trasnadas*.

Tamén había un que taba na cama e dicía:

-Teño un peso mui grande nas pernas.

E dicíanlle:

-Debe de sé-lo trasno

Algunhas mulleres da zona eran consideradas meigas, para ben e para mal. Nalgún caso, os mesmos animais da casa collían medo ó velas ou cruzarse con elas polos camiños, tendo os seus donos grandes problemas para ter man deles. Noutros, era a propia labrega a que ía buscar á meiga para que lle axudase a cura-lo mal da vaca, como cando *a Gallarda* enfermou:

Collen unha pucha, e pásana por encima do lume... e dicen unhas palabras, vai tú saber que dicen... eu non sei que dicen... serán meiguerías coma todas, e fan unhas cruces á vaca e frégana (coa pucha), frégaa pola cabeza, todo pola cabeza, e polos ollos, e polo lombo tamén... eso, e despois trae a pucha e quéimaa no lume.

Lémbrese tamén unha maldición botada por unha xitana, que por certo facía botar unhas enormes risadas a un labrego de Beche, polo rebuscado contido da mesma.

Quiera dios que te pegue un dolorcito, cuanto más corras más te duela, y si paras que rebientes.

Pero ante os diversos males, sempre había unha posibilidade que permitise evadilos ou solucionalos, e que necesariamente pasaba pola vinculación co divino, fose ésta en forma de oración, de sinal da cruz ou mesmo das campanas dunha igrexa cercana. Aínda que as informantes lembran ter aprendido da man da súa avoa multitude de orixinais oracións e plegarias durante a súa infancia, apenas puideron rememorar unha delas.

*Con Dios me acuesto,
con Dios me levanto,
con la Virgen pura
y el Espíritu Santo.
Cristo es mi padre,
Santa María es mi madre,
San Juan es mi pariente,
que me hizo la cruz en la frente
para que el diablo no me tiente,
ni de día ni de noche,
ni a la hora de mi muerte.
Señor mío Jesucristo,
acostarme vengo,
mi cuerpo y alma
a Dios encomiendo.*

Dada a existencia dunha gran casa de renta, *a casa do Xuco* (que en realidade era dos Pereto), na que naceron, medraron e viviron ó mesmo tempo un bo número de familias labregas de Beche, a cambio do traballo das terras e unha boa parte do produto do mesmo, incluso oracións como a recolleita eran coñecidas por un amplo grupo de xente da zona, o que ás veces, ó escoitalas nun contexto axeitado para a troula (e a leira era contexto suficiente), podía propiciar interesantes cambios. Puidemos coñecer así unha variante algo menos ortodoxa, pero igual de eficiente na rima e incluso un pouco máis lírica e creativa que a primeira.

*Con Dios me acuesto,
con Dios me levanto,
si amanece amanece,
y si no al carajo.*



Contra temidos fenómenos naturais, como as tronadas, ás veces non abondaba con rezar. Sabido é que na cultura tradicional as campanas chegaron a desempeñar un importante papel dentro das comunidades rurais (ou mariñeiras) de pequena entidade, sobre todo como elementos de comunicación entre as xentes, para transmitir novas (mortes, nacementos,...), deberes (misas, obrigas,...), horas ou diferentes periodos da xornada, para sinalar alarma (ante incendios, por exemplo), para dar inicio a algunha actividade ou festividade, ou mesmo para marcar situación (non só no caso dos cencerros dos animais, tamén para orientar a barcos na costa, etc.). Pero lonxe do seu carácter de elemento para a comunicación social, as campanas podían chegar a adquirir certo valor apotropaico. É o caso das campanas da igrexa parroquial de Santa Comba de Órrea, situada no concello de Riotorto, aínda que próximo ó lugar de Beche (Xudán, A Pontenova) no que se desenvolveu a recolleita de folklora popular. Aínda que non logramos rexistrar ningún tipo de rito nas casas para alonxar ó raio ou ás tronadas, como saír a facer conxuros (Aguirre, 1988:132), ou provocar enorme bulla co batir dos cazos e potas, sí que obtivemos certa lembranza en torno ó poder defensivo e benéfico do que gozaban as campanas da igrexa mencionada.

Ai eso, meu nenín, eso parecía que era verdá. Esas campanas (as da igrexa de Santa Comba de Órrea), non sei que tiñan contra o trono. Antiguamente, cando se viña unha tormenta grande, tocábanas e desfacíase a tormenta. É que dicen que son nubeiros, contando ben ó xeito... Un matrimonio que era nubeiro, mira que contos amañaban, pois... dixo:

-Voulle aprender tamén ó fillo a tronar i a relustrar.

-Pois lévao logo que lle aprendas –díxolle a muller-.

E cando chegaron á casa, pois díxolle:



Vista da curiosa fachada da igrexa parroquial de Santa Comba de Órrea, e detalle da espadaña e as campanas ás que se lles atribuíu poderes contra os nubeiros.

-¿E que tal traballa o pequeno?

-Xa che trona e che relustra ben, se non foran as “cadelañas” de Santa Comba...

Dicían que desfacía o nublado, porque esas campás están bautizadas... Porque dicían... esas campás non sei que teñen, ho, non che sei, pero... ¿Tú non ves que esas campanas, cando a guerra, querían comprarlas? Esas campanas tiñan moito valor, e tiñan que ter cuidado, que tiñan que vigilar, que as querían comprar e tiñan medo a que as roubaran.

Do relato extráese a conclusión de que a tormenta viría dada, na concepción popular, por uns seres míticos, unha especie de divindades en certo modo humanizadas (varón, muller, matrimonio, fillo) con facultades para provoca-la tronada, aínda que non coas suficientes como para evadi-los poderes apotropaicos das campanas da Órrea. Estes poderes podían vir dados polo feito de que unha das campanas (din) presentaba unha fenda que provocaba un son totalmente impropio e diferente da outra, razón polo cal se cadra nunca se atreveron a amañala ou trocala por outra nova.

Os rezos e oracións podían extenderse a determinadas actividades periódicas, o resultado das cales era fundamental e determinante para o benestar da casa, como no caso da fornada, precisa para elaborar e dispór de pan. Era éste o alimento básico e esencial da dieta tradicional dos labregos, polo cal resultaba tremendamente importante que a actividade tivese sempre un resultado óptimo. Ó deixa-la masa da fornada a medrar, facíase unha cruz nela cos dedos e presignábase un:

en el nombre del Padre, del Hijo y el Espíritu Santo, amén, Dios che dia medranza.

E co pan xa no forno rezábanse varios padrenuestros a San Pantaleón, o avogado dos bolos, para que todo saíse ben e agradecer así o feito de poder face-la fornada, reservándose ritualmente o primeiro bolín para darlo a un pobre.

HOME VERSUS MULLER, CONDUCTAS CULTURAI E TRANSMISIÓN DE VALORES

O folklore de tradición oral cumpría un papel esencial na sociedade tradicional labrega, consistente na transmisión de valores e patróns de comportamento de vellos a novos, de xeración a xeración, a traveso da oralidade. Nun medio socioeconómico pobre, no que o traballo da terra apenas deixaba tempos mortos, e no que o ir á escola reducía-se á súa máis mínima expresión para que a casa do pícaro ou pícara puidera contar con máis brazos nos leiros, a aprendizaxe de valores e conductas culturais, dos traballos e da vida, facíase chegar a traveso da transmisión oral, dos contos e lendas, das cántigas e refráns, dos ditos populares. Dada a forte cohesión da aldea en torno ós traballos agrícolas máis duros (quita-las patacas, cava-lo trigo, a malla,...), e ós celebrados momentos de reunión dos veciños nas casas (a esfollada do millo, a matanza, a polavila, ou mesmo as comidas en torno á lareira), o contacto co grupo dos maiores resultaba frecuente e calquera momento era propicio para que fluise a información a traveso da oralidade. Isto complementábase igualmente con certos pequenos textos que os homes adquirían nas súas visitas á feira de Meira, xa fosen coplas e cántigas ou xa o *reportorio nuevo*, dá

buen tiempo cuando venga (que así o anunciaba o seu vendedor), e que servían para que os pícaros fosen aprendendo (ou mellorando) a letura e, ó tempo, para que eles mesmos ó lelas (e aprendelas de memoria) adivertisen ós maiores.

Neste apartado, englobamos folklore presentado en múltiples variantes (cántiga, conto, refrán) e de contido moi diverso, dende recomendacións e consellos dirixidos ás mulleres novas ata críticas ás conductas de pais e mozos, pasando polos refraneiros nos que se advirte do clima ou de aspectos varios do calendario agrícola e do traballo. Nos dous seguintes refráns, faise referencia ó mes de xaneiro, que se presenta como un mes frío pero húmido, e polo tanto propicio para que medre o sementado, ou mesmo como referente temporal para iniciar algún cultivo.

Xaneiro fai o palleiro.

*Tantos días falten de xaneiro,
tantos allos no alleiro.*

Sucédelle un mes máis frío, no que é raro que non caian nevaradas, polo que faise un xogo de palabras co nome do mes e as *frebas*, que neste caso refírense á neve, segundo aclaran as mesmas informantes. Dado o costume existente aínda nalgunhas (e lembrado aquí) de mata-lo cocho nos días do antroido, o que se vía traducido nun novo aporte de chourizos, toucín e frebas de carne para a casa, pode que esteamos se cadra ante unha adaptación popular, pola que o contido do dito transformouse e adquire agora un sentido climático.

*Frebreiro, frebas dá,
No comenzo ou no último
xa as asomará.*

En ocasións o refraneiro popular, comunica un maior volume de información, anunciando o tempo de meses vindeiros pero tamén o traballo propicio para cada un deles, referido neste caso ó ciclo de vida do trigo, que vai pasando sucesivamente polo medre da planta, a formación da espiga co grao, e a súa madurez, punto do ciclo no cal comeza o groso dos traballos (a sega e a malla), e o cauteloso reparto do grao en tres grupos: consumo propio, venta e reserva para a semente vindeira.

*En marzo espigas cuatro,
en abril espigas mil,
i en maio todo espigado,
e en xunio todo maduro,
e en xulín dalle co fougín,
en agosto amagóstao,
en setembro come e vende,
e non sea tanto vender,
que non deixes pra comer,
y en octubre come e acubre*

*Eso era un pastor ó que lle morrían en marzo as ovellas todas:
-Vaite marzo, marziñán,
que a pouco máis
acábasme co rabaño de ovellas.
Pola mañá cara de can,*

*e ás doce enxamea a colmea
e á noite morre a ovella.
E dícelle Marzo:
-Cala, cala,
que un día que me falta,
e dous que me ha prestar
meu primo abril,
aínda che hei facer caxir.*

Na cántiga anterior advírtese do perigo que representa o mes de marzal (e parte do seguinte) pola súa frecuente inestabilidade, personificándoo nun diálogo entre un pastor que sofre pérdidas no seu rebaño de ovellas e o propio mes, que se amosa altivo e desafiante. Puidemos atopar neste senso unha pequena variante do primeiro párrafo, polo que substitúese a súa condición de mes inestable, por outra de mes moi frío, se cadra máis perxudicial, aínda que os resultados son semellantes. Marzo contéstalle o mesmo que na anterior.

*-Vaite marzo marzán
coa túa cara de can
que desde que tú viñeche
non me faltaron xeiras
nin pieles no rebaño.*

*Abril aínda non é de rir,
i en maio,
inda a vella
queima o pé ó tallo.
I en San Xoan,
non o queima
porque non llo dan.*

Nos meses seguintes, os días continúan sendo curtos e o clima pouco propicio para o traballo fóra da casa, no interior da cal pásase boa parte do tempo, sempre arredor do lume, feito polo cal á vella pouco lle falta para queima-lo tallo de madeira no que senta ó pé das lapas. A situación cambia sen embargo ó pouco, cando o traballo na terra aumenta considerablemente auspiciado polo clima e o ciclo das colleitas, pasando a esixir tanto tempo a tódolos integrantes da casa que xa nin a vella se pode sentar a folgar. Cando menos ata decembro, no que o tempo poucas cousas permite.

*No mes morto,
non cape-lo porco
nin plante-lo horto.*

Outras veces, a información transmitida a través do folklore oral conserva a súa utilidade pero cun contido ben diferente, tratándose de transmitir toda a información necesaria como para asegurar un amplo coñecemento non só da vida que agarda, senón tamén do medio no que ésta ha de desenvolverse.

*Saldoira, Saldoiriña,
e a Veiga da Pada,
tres lugares
que non valen nada.*

O ideal (ou non tanto) de pobreza representa un elemento sempre presente no folklore recolleito. Constitúe unha constante no mesmo a tendencia a remarcar a condición de pobre, como algo inexorablemente inherente ó traballo de labrego pero á vez sopor-

table. Esta pobreza chega a converterse nunha virtude cando por oposición é comparada coa avaricia e agrio carácter dos ricos, sendo ademáis o pobre o que verdadeiramente conta coa axuda divina. Obsérvase a oposición rico e pobre, que chega incluso a quedar reflexada na lingua empregada para falaren.

Unha vez era un pobre que non tiña nada, nada, nada, nada... nin de comer, nin nada... pero encontrou unhas cacholas de nabo e meteunas no bolso e dixo, agora facíame falta un pouco de sal, e unha pouca de leña, para coceres... Chegou onda aquel que era mui rico, mui rico, que é mui rico, non vale nada, pero quizá me dá o sal e un brazadín de leña para coce-la cachola. E chegou onda o rico e díxolle, pediulle, e díxolle:

-Como si a mi me dieran sal, como si a mi el sal me lo dieran, que tengo que pagarlo –díxolle o rico-.

-Bueno hombre –díxolle-, era bienme siquiera leña, para asar esta cacholiña que levo aquí para comer.

-Como si a mi me dieran la leña.

Non lla deu tampouco, claro. Nin lle deu o sal, nin lle deu a leña. Chegou máis adiante onda unha familia mui pobre, mui pobre, e déronlle sal, e déronlle leña, para coce-la cachola. E ó outro día, él foille botando plagas ó rico:

-Pois Dios quiera y la Virgen, a que apareza unha morea de leña pola mañá, que lle tire os árboles todos -porque él tiña árboles e...- e que sea sal en vez de herba.

E levántase o home pola mañá, para recorrer as fincas... sal y leña. Decía él:

-¡Oh, sal y leña...! ¡Oh, sal y leña, leña y sal, leña y sal!

Pepiño siempre chegaba tarde á escola, e díxolle o señor maestro:

-Pepiño, ¿por qué sempre chegas tarde á escola?

-Porque nosoutros sómoslle moi probes, señor maestro, e sólo comemos patacas e cardo, y a veces tomámolo tan quente que pela.

-Pepiño (a outro Pepiño), ¿é verdá o que dice o teu compañeiro?

-Eu non lle sei, señor maestro. Eu o que sei é que nosoutros tamén comemos solamente patacas e cardo.

-Porque vosoutros tomarédelo frío (díxolle o primeiro Pepiño), pero nosoutros tomámolo tan quente que a veces pela.

-Pero enfríase, ¡tolo!

-E con que, ¿con auga, ou?...

-Non tolo non, con pan, parvo, con pan...

A idea de pobreza volta a quedar reflexada nas cántigas que seguen. A meirande parte delas foron ideadas por un personaxe da propia comunidade, un tal Arturo, que gozaba de gran popularidade dentro da mesma debido á súa recoñecida habilidade para idear rimas con contidos cheos de valores, que despois cantaba con outros polas casas, e non tardaban en ser memorizadas polas xentes das mesmas. Na primeira delas, trátase de disuadir ás mozas e mulleres novas da idea do matrimonio, presentándolles ó mozo como alguén de pouco fiar, e a vida de casada como unha vida difícil e pouco desexable, en maior medida aínda nos casos de patrilocalidade.

*La que tiene novio
nunca está a gusto,
porque cualquier día
recibe un disgusto,
cosa muy corriente
en la actualidad.
Y le dice al novio
muy apresurada,
que si no te casas
ni otra palabra,
a mi casa nunca
volverás jamás.
Y él por complacerla
le dice a su madre,
dígame a papá
que quiero casarme,
y si puede ser
para carnaval.
Los viejos aceptan
con tanta delicia,
que a todos los vientos
se dá la noticia
de que fulanita
se va a casar.
Los novios se casan,
ya están de boda,
allí nada falta
y de todo sobra,
allí hay buen vino
y buena "cognac" (e pouco máis).
Allí bailan danzas
de todos países,
allí no hay miseria
todos son felices,
hasta los roscones
los hay a rodar.
Pero al otro día
sí que es el dolor,
porque ya la vida
cambia de color,
allí se acabó
a toda vanidad.
Allí se acabó
a todo lo pintado,
adiós permanente,*

*qué poco has durado,
adiós colorete,
adiós libertad.
Y la que se casa
en casa del novio,
lleva más trabajo
que al mismo demonio,
y a los pocos meses
tienen que marchar.
Porque con la suegra
no hay nuera que viva,
que por cualquier cosa
le dice enseguida,
tú nada trajiste
ya puedes marchar.
Desde que viniste
para esta casa,
hubo que comer
el caldo sin grasa,
y aún muchas veces
pasamos sin pan.
Y aquí terminan
por andar a palos,
y los novios marchan
con brazos cruzados,
sin tener dos losas
para se abrigar.
Aquí terminamos
mozas placenteras, (e miraban pra nós)
nunca os caseis
bien estáis solteras
y sino haced
vuestra voluntad.
Que nadie se ofenda
señores pedimos,
que pasen las manos
por esos bolsillos,
con cuatro pesetas
nos han de pagar.
No se extrañarán
del que la inventó,
que una buena suegra
también le tocó,
y por eso mismo
conoce el percal.*

Amósanse ademáis as pautas de comportamento tradicionalmente seguidas no casamento. A moza pugna contra os desexos carnais do mozo por asegura-la súa chegada ó sacramento matrimonial en pureza e castidade, e emprega o mesmo como moeda de cambio imprescindible para que o home poida acceder a ela. Tra-la petición ós pais, celé-

brase a voda, preferiblemente no antroido. Puiden saber que unha boa parte das vodas celebradas hai máis de 50 anos no lugar facíanse coincidir co víspera desta controvertida data, se ben non logrei que as informantes souberan explicarme o por que. Entre as hipotéticas razóns podería atoparse se cadra a intención de *matar dous paxaros dun tiro*, e aforrar deste xeito unha celebración que implicaba comida e bebida en abundancia (dentro da lóxica do dispoñible na casa do labrego. Obsérvese senón o comentario que segue ás liñas nas que se cantan as abundancias do banquete), esto é, cachola, rabo, soá, chourizo, buñuelos e viño, ou se cadra mesmo precisamente para aproveitar os días de transgresión consentida da realidade propios do antroido, que permitirían disfrutar da troula dun xeito menos moral ou precavido.

O día seguinte á cerimonia marca xa o punto de inflexión na vida das mozas, que deixan de sélo para convertírense en señoras, e dende logo menos que eso se o matrimonio implicaba mudarse á casa dos pais do home. É o paso do cabelo solto, símbolo de soltería e madurez sexual acadada (lémbrense ás mouras, que son descritas polo labrego como fermosas e *apetecibles* mozas peiteando decote os cabelos) ó recollido, da liberdade ó recollemento culturalmente obrigado. Esta fórmula é presentada na cántiga como negativa para a casadeira, e unha fonte de desgracias asegurada, ó entrar así en conflito directo pola preminencia coa propia sogra (dona da casa). Naturalmente, non debía ser doado para o intérprete de tan inxenosos versos, cantar esto ante a propia sogra (revíse-se a última estrofa), polas conclusións que ésta puidera adoitar a partir dos mesmos, situación ante a cal tíñase introducido unha pequena variante, consistente en substituí-la verba *suegra* por *hembra*. Non sabemos se con elo daría logrado o seu propósito.

Noutros casos, o consello moralizante vai encuberto e convírtese máis ben en crítica aberta ó sexo feminino e, en última instancia, ós propios pais das mozas, que lles conceden crecente liberdade. Así, preséntase o ciclo vital da muller como unha carreira contra o reloxo por casaren ben ó principio, e simplemente por casaren ó final, mentres os descoidados pais aforran en consellos como os da cántiga e prestan máis atención ós nabos e ás vacas, poderosos símbolos de identidade para o labrego local. O sector feminino acollía estes versos con tremendas risadas, e aínda á nosa informante, mentres loitaba por lembra-lo que xa cría esquecido, víñalle a risa por momentos.

*A mozas e mozos
vos vou advertir,
que teñais coidado
con el porvenir,
que muitas cousiñas
vos vou contar.
Primeiro coas mozas
vamos empezar,
que todas mui novas
se queren casar,
que ós trinta solteiras
non queren chegar.
Ó chegar ós quince
non lles valen todos,
quérenos ben guapos,
ben ricos e ben gordos,
e que cobren rentas
para non traballar.*

*Ó chegar ós vinte
é case de risa,
de botar en ollo
teñen tanta prisa,
que non lles importa
xa o capital.
Pero ós vintecinco
sírvelles calquera,
folgazán, borracho
i o máis calavera,
o caso é ter
con quen se xuntar.
Cítanos pra Meira,
cítanos pra Ponte,
cítanos pro rego
e tamén pra fonte,
e tamén pra casa
se os vellos non tán.*

*Ós bailes de noite
 todas van correndo,
 os vellos na casa
 os nabos cocendo,
 i hasta mui tranquilos
 se marchan deitar.
 Veñen a alta noite,
 mui acompañadas,
 unhas de ganchete
 e outras abrazadas,
 e sólo Dios sabe
 do que tratarán.
 Se falta unha res
 todo o mundo corre,
 pró se falta a filla,*

*nadie se promove,
 se falta que falte,
 pra casa virá.
 Por estes consellos,
 mociñas solteiras,
 pasarei-la mao
 polas faldriqueiras,
 con dez pesetolos
 nos habeis pagar.
 Nos sirve de todo,
 siempre que sea bueno,
 patatas, castañas
 y también dinero,
 y hasta longanizas.
 no se han despreciar.*

Probablemente a última estrofa procedese doutra cántiga diferente, e a informante a anexionase a ela inconscientemente, pois semella extraño ese cambio de lingua nas últimas liñas. Moitas das cántigas recolleitas remataban coa solicitude pública do aguinaldo. De todos modos, non sempre era a muller a destinataria inicial do folklore popular, e en ocasións deixábase algún recado ós mozos, chegando a facerse crítica incluso das novas conductas culturais, se ben ó final facíase recaer a culpabilidade dos males de amor, e mesmo das infidelidades dos casados, nos pais das pícaras por terlles concedido excesiva liberdade.

*Hoy cualquiera chaval
 parece un forense,
 reló de pulsera
 buena canadiense,
 sin zapato baixo
 xa non sabe andar.
 Compran bicicletas
 y deixan bigote,
 porque lles parece
 que teñen máis dote
 y a ver se a unha rica
 poden enganar.*

*...I así que consiguen
 botarlle a gazoupa,
 gapeiriñamente
 marchan pra onda outra,
 i entonces a pobre
 empeza a chorar.
 E a madre dice:
 -que o coma o demo,
 que o día que o vexa
 chántolle un coitelo,
 de ti, como eu viva,
 non se ha de burlar.
 Non lles boten plagas
 por eso ós rapaces,
 que a culpa de todo
 téñena os padres,
 por darlles ás fillas
 tanta libertá...*

*O sol díxolle á luna,
 -retírate bandolera,
 que a muller cando é de noite
 non será por cousa buena.
 A luna lle contestou:
 -son muller e podo andar,
 vale máis andar de noite
 que andar de día e queimar.*

Neste último caso, sol e lúa personifícanse e serven para dar fala á eterna batalla de xénero, con connotacións sexuais. Resulta curioso que non dese apañado máis que estes versos que teñen ó sol e á lúa como protagonista central, dada a importancia dos mesmos nos ciclos e evolución das colleitas e o seu carácter de condicionantes da vida diaria. Seguramente afondando no capítulo das crenzas populares locais poderíamos obter algún dato máis. Unha delas, dicía que podíase coñecerse o sexo do que ía nacer observando a lúa, de modo que se ésta estaba a minguar no momento de coñecer-lo embarazo sería nena, e neno se pola contra estaba xa a medrar.

CONTOS PARA RIR... E PARA LEMBRAR

Ademáis da función moralizante e de transmisión dos valores e coñecementos adquiridos pola sociedade tradicional, o folklore popular recolle tamén contos e historias destinados a compensa-la dura vida do labrego con momentos de troula. Neles, preséntase ó labrego como un personaxe pouco estudiado, pero perspicaz e intelixente... aínda que se cadra non de todo.

Era o amo... Taba triste, e encontrou ó criado... díxolle por que taba triste, e díxolle él:

-porque teño un xuicio

-¿e quen é o xuíz?

-É con ese...

E sabía quen era, porque se era o criado del e era un vecín, pois... sabía quen era. E díxolle él, dixo:

-hame facer tres preguntas, i eu se non as sei contestar pérdoas.

E perdía, claro, perdería unha finca ou que sei eu o que perdía... E díxolle:

-¿e cando é o xuicio?

-tal día

-pois... en vez de ir usté vou eu

-(dixo) e tú se non sabes contestar as preguntas é a mesma conta, tamén perdo, perdo o xuicio e perdo os bienes.

E díxolle:

-xa veremos

E vai, e, efectivamente. Foi o criado. O amo iría, taría no xuicio pero taría de... atrás, con outros que van escuitar. E díxolle (o xuíz), díxolle:

-bueno... dígame, ¿canto pesa a luna?

E díxolle o criado:

-Un quilo.

-¿Como que un quilo?

-Sí, ten cuatro cuartos, así que... cuatro cuartos é un quilo.

E pois é verdá, dixo o xuez (para si), pois... Pero como non ha saber as outras dúas, voulle perdonar esta...

-Bueno, e agora dígame logo canto pesa a terra, a ver se sabe canto pesa a terra.

-Pois mire, a terra, quítelle as pedras, que eu xa pesarei a terra...

Dixo (para si mesmo)... ho, que condenado... e pois, pois, en que penso eu sí que non o pode adiviñar o condenado éste...

-Ben, pois vale logo, pero... ¿e usté sabe en que tou pensando eu agora mesmo?

-Sei...

-¿I en que?

-En que tá falando co amo, e tá falando co criado.

A intelixencia e picaresca do labrego queda sobradamente demostrada cando pon á proba a animais e personaxes tradicionalmente respetados por ostentar e exhibiren esas mesmas cualidades, esto é, a raposa e o cura. Nalgúns casos o conto adquire pouso de realidade.

Arturo era mui amigo do cura... e un día preguntoulle:

-¿E cantos fillos tuvo Adán e Eva?

-Dos

-Fillos... ¿e fillas ningunha?, díxolle Arturo.

-No, fillas ningunha.

-E logo despois, ¿como houbo máis descendencia?

-Vai sachar Arturo, vai sachar...

Taba a raposa deitada, e un que taba labrando viu un lobo deitado ó sol debaixo dunha pena, e debía querer pasar por alí e collería medo, claro... E díxolle á raposa:

-Faime un favor, ho... Se mo fas heiche de traer unha pita e unha niada de pitos nunha cesta, para aí para a carreira da leira... Ahora, espárrate que non che vaian escapar.

Eso, e puñeron un sitio, e a raposa, xa ora, tiraríalle un cubo de auga enriba da barriga ó lobo para asustalo, ou que sei eu... E foi para a carreira e ó chegar onda a cesta, púxose a olela, dicindo "pitas serán, pero óleme a can" ... E así e todo, abriuna e en vez dos pitos saliulle un can, e botou a correr...

-Arriba pernas, abaixo zancas, que neste mundo non hai máis que trampas.

E dícelle o rabo:

-¿E logo eu?

-Tú nada, que tú inda tiras por min pra atrás.

Un acontecemento importante neste eido e ben lembrado na zona, eran as *cegadas*, nas que dous individuos (sen problemas de visión, por certo) ben recordados, o Roso e o Mangante, ían polas casas tocando cun violín e cantándolle á xente, a cambio dun plato de comida e o que cadaquén quixese soltar. Deles, o primeiro tiña unha habilidade especial para crear cántigas e desafíos personalizados ó instante, e a súa presenza constituía sempre un gran reclamo, tanto nas casas de Beche, fundamentalmente a *Casa do Xuco*, como nas feiras máis próximas, onde (din) sempre estaba arrodeado de xente. Ás veces, o mero recordo deles, podía derivar nun conto.

Iban o Roso e o Mangante, e o Mangante iba chamando no burro, i o Roso iba atrás co violín, e dixo:

*-Arre los dos
-Y cebada para los tres*

*Vou visita-lo Gambucho,
coa súa cara de perverso,
cantos abrazos lle leva,
a Josefa do Traveso.*

*Una mujer alta y fea,
con el cabello peinado,
parece una casa vieja,
hecha de nuevo el tejado.*

*I ahora que vén o cuco,
tamén dicen que vén a cuca,
déixame durmir contigo,
na túa cama Farruca.*

Ata aquí, o folklora e os relatos de tradición oral recolleitos no lugar de Beche, Xudán, A Pontenova. Un estudio de maior profundidade podería enriquecer con moito a visión que esta pequena aproximación ofrece da cultura popular tradicional local, pero non é moito o tempo do que se dispón, e se cadra éste constitúe o derradeiro rexistro deste tipo na comarca, na que o autor está a desenvolver outros estudos de carácter etnográfico. Temos cando menos a satisfacción derivada de ter recuperado da memoria colectiva parte dunha tradición oral condenada a perderse na silveira do esquecemento. Non é,



A Casa do Xuco, gran casa e terras de renda na que vivían varias familias de Beche, e núcleo de polavilas, esfoladas e cegadas durante anos.

dende logo, suficiente, pero sí se cadra o paso previo e necesario para a revalorización social do que é noso, e do que permitiu a transmisión dos valores propios da cultura tradicional galega durante xeracións, ata o inevitable cambio cultural do noso presente.

BIBLIOGRAFÍA CITADA

- ARREGI, G.: “Creencias en torno a ermitas y santuarios de Euskalerrria”, en *Antropología-Etnografía*, Sociedad de Estudios Vascos, Cuadernos de Sección, 6, Eusko-Ikaskuntza, Donostia, 1988 (p.137-149).
- CARNERO VÁZQUEZ, M.O. (et alii): *Polavila na Pontenova: lendas, contos e romances*, Lugo, Servicio de Publicacións, Deputación Provincial de Lugo, 1998.
- FRAGUAS Y FRAGUAS, A.: *La Galicia insólita. Tradiciones gallegas*, oitava edición (2001). Sada, A Coruña, Cadernos do Seminario de Sargadelos, 51, Ed.do Castro, 1973.
- LLINARES GARCÍA, M.: *Os mouros no imaxinario popular galego*, Santiago, Servicio de Publicacións, Universidade de Santiago de Compostela, 1990.